
Xosé Ramón Freixeiro Mato / Xosé Manuel Sánchez Rei / Goretti Sanmartín Rei, *A lingua literaria galega no século XIX*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2005, 789 páxinas

Compracémonos en termos nas nosas mans unha obra que analiza de maneira integral a lingua literaria galega decimonónica, e que debemos ao labor desenvolvido por tres investigadores e profesores pertencentes á área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña: Xosé Ramón Freixeiro Mato, Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretti Sanmartín Rei. Aínda que nestes últimos tempos foron abondosas as publicacións que centraron a súa atención na literatura do período do Rexurdimento, nomeadamente na obra dos tres principais autores desta época, e mesmo aqueloutras dedicadas ao estudo sociolingüístico de diversos períodos da nosa renacemento, non contabamos até ao momento con ningún volume que se ocupase do século XIX na súa globalidade, e moito menos que tivese como obxectivo o estudo das características lingüísticas dos textos literarios publicados entre os anos 1800 e 1899.

Como os propios autores indican na 'Nota preliminar', esta obra ten de ser necesariamente un estudo da lingua literaria galega decimonónica e non da lingua galega ou da fala do século XIX, pois debemos ter en conta que o galego non era empregado na administración nin no ensino, de maneira que a práctica totalidade dos textos existentes posúen unha intencionalidade máis ou menos literaria, á excepción duns poucos estudos de tipo lingüístico que tamén son contemplados nestas páxinas. Deste modo, os autores parten para a citada análise dun corpus formado por case douscentos títulos en moitos casos rescatados do esquecemento, o que sen dúbida constitúe máis un mérito deste traballo, xa que non se limita unicamente ao tratamento da obra dos principais autores do prerrenacemento ou dos tres grandes poetas do chamado Rexurdimento pleno (Rosalía, Pondal e Curros), senón que tamén considera outros textos até certo punto 'descoñecidos' ou 'ignorados' mesmo para especialistas na lingua e literatura galegas, probabelmente por aqueles non posuíren as cualidades literarias suficientes como para teren sido obxecto de atención por parte do público lector ou da crítica. Para alén disto, son igualmente estudadas neste traballo as cántigas populares pertencentes ao noso cancionero tradicional, testemuños incomparábeis da fala dos nosos antergos.

* Este traballo foi realizado ao abeiro do Programa de bolsas FPU (Formación de Profesorado Universitario) do Ministerio de Educación e Ciencia.

Mais o estudo de todas estas obras vén enmarcado por unha amplísima e precisa contextualización da situación sociolingüística existente neste século, en que se fai referencia, por exemplo, á progresiva perda de falantes da lingua galega, pois aínda que neste momento se está a desenvolver o Rexurdimento, é este un movemento que atinxe unicamente a cultura e a literatura, razón por que a substitución lingüística iniciada séculos atrás continúa o seu proceso. Un outro dato de importancia nesta centuria foi a xénese da conciencia galeguista e a defensa da lingua como elemento fundamental da identidade galega, idea abandeirada por Manuel Murguía, unha das principais personalidades da época.

Atopamos, de por parte, neste primeiro apartado unha análise dos paratextos das obras publicadas durante este período, que veñen proporcionarnos, entre outros aspectos, un achegamento á diglosia que os caracteriza e unha idea bastante aproximada da controversia xurdida por volta de dous temas principais, o modelo de lingua e a cuestión ortográfica. Estas polémicas continúan vivas, até certo punto, nos nosos días, razón por que consideramos esencial o seu tratamento, xa que o coñecemento dos factos pasados é un factor primordial para non errar no presente ou, cando menos, para tentar solventar os fallos cometidos. Mais os autores, nesta contextualización, tamén dedican algunhas páxinas aos primeiros estudos lingüísticos sobre o galego, concretamente ás gramáticas e dicionarios, aparecidos dun xeito tardío en relación con outras linguas romances, e que xa algunhas voces comezaban a demandar como medio para acadar unha escrita máis correcta e unificada que rematase con esa anarquía que caracteriza os textos decimonónicos. Estamos a nos referir, como é obvio, a Rosalía de Castro, quen xa no prólogo a *Cantares Gallegos* (1863) alude a esta carencia.

Aínda nesta primeira parte da obra, o tratamento do cancionero tradicional galego e a súa recolleita no século XIX ocupan un lugar especialmente relevante debido a varios motivos. En primeiro lugar, e como xa foi indicado anteriormente, ofrece un material realmente valioso para o estudo lingüístico ao recoller de maneira practicamente directa a lingua falada polo pobo. Outra das razóns é o facto de o cancionero anónimo constituír unha das máximas expresións da identidade do pobo galego, polo que a súa compilación e estudo supoñen un grande avance na dignificación da lingua. É así que os autores deste volume proceden á análise do *Cancioneiro Popular Gallego* (1885-1886) de José Pérez Ballesteros, quizais o traballo máis amplo destas características realizado na altura, e que xa nese momento pasou a ser considerado o cancionero tradicional galego por excelencia. Neste sentido, non queremos desaproveitar a oportunidade de realizar unha reivindicación da importancia da nosa literatura de tradición oral, á vez que suxerimos aos especialistas que estiveren interesados a conveniencia, ou mesmo a necesidade, da aparición de novas publicacións e estudos centrados nas diversas recolleitas realizadas durante o século XIX que aínda non contan cunha análise individual e pormenorizada.

A seguir ao primeiro apartado, que cumpre a función de contextualización, atopamos a parte central do estudo, a análise lingüística propiamente dita, artellada por volta de tres aspectos: o fonético, o morfosintáctico e o léxico. Antes de máis, non podemos deixar de indicar que a condición de lingua popular que posuía o galego neste período, así como a interferencia do castelán como lingua de poder, deixarán inevitabelmente as súas pegadas en todos os planos da nosa lingua, tanto no fónico como no morfosintáctico e lexical.

No primeiro dos planos citados, que ocupa o segundo capítulo deste volume, “Caracterización fonética da lingua literaria do século XIX”, vemos como o vocalismo, especialmente o átono, é obxecto de moi diversas alteracións debido ás razóns que acabamos de citar: o enxebrismo, a aproximación a unha lingua case artificialmente popular, e o afán diferencialista a respecto do castelán. Canto ao consonantismo, e tamén nesa liña popularista, detéctase unha tendencia para a reprodución nos textos da gheada e do seseo explosivo, do mesmo xeito que aparecen reflectidos os fenómenos de fonética sintáctica que se producen habitualmente na fala. Mais probablemente un dos aspectos máis interesantes deste apartado gráfico-fónico sexa a polémica a que xa antes fixemos referencia a propósito dos paratextos, ocasionada polas dificultades para representar os fonemas que non existían no español, lingua en que os nosos escritores e escritoras do século XIX foran educados. Así, un dos principais problemas neste sentido veu dado polo modo en que debía ser grafada a contracción da preposición *a* e o artigo masculino (*ao* ou *ó*), mais sobre todo pola representación do fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/, que dividirá os escritores en etimoloxistas, partidarios do emprego de <g> + <e> / <i>, <j> ou <x>, e antietimoloxistas, que propoñen o uso sistemático do <x>.

A terceira parte, que leva por título “Características morfosintácticas da lingua decimonónica”, é o apartado máis amplo, pois a súa extensión correspóndese practicamente coa metade da obra (370 páxinas dun total de 789). Neste plano morfosintáctico Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei levan a cabo unha moi acertada e pormenorizada análise do comportamento morfolóxico e sintáctico de todas as clases de palabras na literatura decimonónica, así como tamén prestan atención ás estruturas sintácticas máis rendíbeis neste sentido. Do noso punto de vista, outro dos méritos que se poden atribuír a este volume é a comprobación da habitualidade e normalidade na lingua literaria do século XIX de fenómenos ou usos hoxe considerados artificiosos por moitos, tal e como acontece coa interpolación do pronome ou o uso do futuro de subxuntivo, só por indicarmos algúns exemplos. Este non é só o mellor modo de acalar esas voces, senón que tamén nos permite recuperar e potenciar o uso de estruturas e formas propias da nosa lingua que tiñan ficado no esquecemento debido, máis unha vez, á interferencia do castelán.

No último apartado desta completa análise lingüística, “Particularidades do léxico”, observamos como as influencias externas á lingua, nomeadamente os castellanismos, desenvolven novamente un papel excesivo na configuración do léxico literario decimonónico, aínda que tamén os pseudogaleguismos adquiren unha presenza bastante constante, en parte como reacción e diferencialismo a respecto do español. Outrosí, os autores prestan especial atención aos numerosos fenómenos de variacionismo interno (dialectalismos, popularismos, arcaísmos, recorrencias ao portugués...) e a outros aspectos como o léxico patrimonial autóctone ou as creacións lexicais detectadas nas case dúascentas obras literarias analizadas.

Xa noutra orde de cousas, a única falla que se lle pode apor a este estudo é a ausencia dun índice onomástico, ferramenta que sen dúbida facilitaría aos lectores a procura de aspectos concretos no traballo, dado o grande número de contidos que presenta; mais tamén somos conscientes de que esta inclusión aumentaría aínda máis o xa de por si amplísimo volume. Neste sentido, a extensión do estudo non se debe unicamente ao número de aspectos tratados ou ao grande corpo teórico e analítico da obra, senón tamén aos moitos fragmentos pertencentes ás obras literarias do século XIX que son introducidos a modo de exemplificación, e que certamente contribúen para unha visión máis completa das características lingüísticas e para un mellor coñecemento da literatura da nosa renascenza.

De todos os xeitos, este traballo si inclúe obviamente as referencias bibliográficas, que dan conta do extraordinario coñecemento e competencia que sobre o tema posúen os seus autores. Tamén aparece ao comezo do volume un catálogo das obras analizadas (ordenadas por ano de publicación e por autores e autoras) e unha clasificación delas de acordo co xénero a que se adscriben (poesía, prosa ou teatro) e coa lingua en que están escritas (monolingües en galego, bilingües ou linguas híbridas), así como unha relación das siglas e abreviaturas empregadas para a súa citación no corpo da obra. Todas estas listaxes e clasificacións posúen unha grande utilidade para o investigador, e veñen confirmar datos xa sabidos, como é a preponderancia do xénero poético ou o aumento progresivo do número de obras publicadas á medida que avanza o século.

Téndomos presentes todas as virtudes e méritos obvios que fomos enumerando ao longo destas páxinas, non podemos senón considerar *A lingua literaria galega no século XIX* como un dos máis grandes contributos realizados até ao momento para o coñecemento do noso pasado lingüístico-literario. E que mellor maneira de por fin a esta recensión que retomando as palabras con que Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei sintetizan nas “Conclusións” finais aquilo que a lingua decimonónica supuxo para a conformación do noso idioma:

En síntese, a lingua decimonónica é un espello, aínda que imperfecto e por veces deformado, da fala da época, onde ao lado das formas e construcións máis auténticas aparecían frecuentes interferencias do castelán que afectaban os planos fónico, morfosintáctico e léxico, principalmente. A lingua literaria afástase da realidade da fala e convértese en ocasións en lingua artificiosa na medida en que pretende, por unha parte, extremar as tendencias populares ao vulgarismo, sobre todo de natureza fónica, e, por outra parte, na medida en que procura unha diferenciación contra natura do castelán naquelas palabras en que a forma era máis ou menos coincidente en ambas as linguas [...]. Con todas as súas virtudes e defectos, a lingua literaria decimonónica iniciou o longo e difícil camiño de conformación e fixación do modelo actual de lingua escrita, cumprindo un papel determinante no proceso de recuperación e estandarización do noso idioma (pp. 759-760).

Leticia Eirín García